


O ser humano como ser social

1º de BACH

O ser humano como ser social


- O ideal grego clásico defendía a idea de **que o ser humano era social por natureza**. É dicir, para eles, o natural era vivir nas *polis*.
- Isto tiña dúas consecuencias:
 - A **política** (gobierno das *polis*) **era máis importante ca ética** (“gobierno do individuo), e a **sociedade estaba por riba do individuo**.
 - **Ideal grego de superioridade con respecto dos bárbaros** (os cales non viven en *polis* e por iso non poden desenvolverse como seres humanos)
 - As teorías (Platón, Aristóteles) que defenden esta idea do ser humano social por natureza chámanse **Teorías políticas clásicas**



Debuxo da acrópolis ateniense na época clásica

O ser humano como ser social


- **Aristóteles** (384 a.C - 322 a.C.) foi o más vehemente afirmando que **o ser humano era un *animal político* (*zoon politikon*)** o que significa que é un ser cuxa natureza é social, sendo a *polis* a organización natural.
- Para Aristóteles, **a existencia da linguaxe no ser humano, era a clave para afirmar a natureza social do ser humano.**
- Afirma ademáis, que fóra da *polis*, o ser humano non pode desenvolverse plenamente e, en consecuencia, acadar o seu **fin último: a felicidade**



Aristóteles

O ser humano como ser social.

- A idea do ser humano como ser social foi discutida polos filósofos chamados **contractualistas** (Hobbes, Locke, Rousseau, Spinoza...).
- Os contractualistas defendían que **o individuo non é un ser social, senón que a sociedade xorde como unha necesidade.**
- A sociedade xorde porque os seres humanos «firman» un **contrato**, polo que **renuncian a certos dereitos** (liberdade absoluta) **a cambio doutros** (seguridade, xustiza), **aceptando voluntariamente someterse as institucións da sociedade.**




AKAL / BÁSICA DE BOLSILLO

JEAN-JACQUES
ROUSSEAU


EL CONTRATO SOCIAL

O ser humano como ser social.

- Hobbes, por exemplo, pensaba que o ser humano era violento e egoísta por natureza, polo que a sociedade era necesaria para a **preservación do individuo e evitar a guerra**.
- Locke, pola contra, pensaba que o ser humano non era malo por natureza, pero sí que poderían xorder **problemas na administración de xustiza** nun **estado de natureza**, polo que era necesario crear institucións que se encargaran de crear e executar as leis, sendo esto posible a través dun contrato social que da lugar á sociedade civil.
- Rousseau coincide con Locke e afirma que o home é bo por natureza, pero advirte que as súas **capacidades para sobrevivir por si só son limitadas e que a aparición da propiedade privada vai dar lugar a envexas, inxustizas e violencia**, sendo a solución a creación dunha sociedade civil sometida ao que vai denominar a **Vontade xeral**.
- Spinoza pensaba que a sociedade era necesaria para a **supervivencia e a felicidade** (nisto último é igual que Aristóteles!)



Thomas Hobbes



John Locke